Código seguro de Verificación : GEISER-f879-f8bb-eb94-48e2-9ebb-ea23-7add-6dd5 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida

DEPUTACIÓN OURENSE

Referencia:	**2020/13098G**
Procedemento::	**Informes en expedientes de otras AA.PP**
Interesado:	**SUBDELEGACION DEL GOBIERNO EN OURENSE**
Representante:	
NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL (502)	

A/ A. SR. SUBDELEGADO DO GOBERNO EN OURENSE

Asunto: solicitude da Deputación Provincial de Ourense de acceso ao expediente de requirimento á Deputación Provincial de Ourense de ampliación da información relativa ás bases reguladoras dos procedementos de concesión de subvencións a traballadores autónomos e pequenas empresas afectadas pola crise sanitaria do COVID 19, publicadas no BOP de 12 de maio de 2020

Con data 8 de xuño de 2020 recibiuse no Rexistro Electrónico de entrada de documentos da Deputación Provincial de Ourense un oficio desa Subdelegación de Goberno (presentado a través do Sistema de Interconexión de Rexistros – SIR – con data 3 de xuño) no que, aparentemente, se daba resposta ao noso escrito de 29 de maio de 2020 no que se solicitaba que, de forma inmediata, se puxese a disposición desta Deputación Provincial, a través do Punto de Acceso Xeral Electrónico, a totalidade dos documentos integrantes do expediente de requirimento á Deputación Provincial de Ourense de ampliación da información relativa ás bases reguladoras dos procedementos de concesión de subvencións a traballadores autónomos e pequenas empresas afectadas pola crise sanitaria do COVID 19, publicadas no BOP de 12 de maio de 2020, incluíndo cantos informes, antecedentes ou escritos deran lugar á decisión de formulación do requirimento de referencia.

Non obstante, e unha vez examinado o seu atento oficio de 3 de xuño, advírtese que o seu contido limítase ao seguinte:

a) En primeiro lugar, infórmasenos de que o requirimento formulouse ao abeiro do artigo 56, apartados 1 e 2, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, norma cuxo contido se reproduce no seu oficio.

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 13067432764440130067 en https://sede.depourense.es

ÁMBITO- PREFIJO	CSV	FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO
GEISER	**GEISER-f879-f8bb-eb94-48e2-9ebb-ea23-7add-6dd5**	**09/06/2020 17:45:00 Horario peninsular**
Nº registro	DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN	
O00006301e2001606208	**https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida**	

GEISER-f879-f8bb-eb94-48e2-9ebb-ea23-7add-6dd5

Código seguro de Verificación : GEISER-f879-f8bb-eb94-48e2-9ebb-ea23-7add-6dd5 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida

DEPUTACIÓN OURENSE

A este respecto, e sen prexuízo de agradecerlle a información legal subministrada, comunícolle que, como é lóxico, a Deputación Provincial xa coñecía esa normativa, e de feito, no noso escrito de 29 de maio xa se lle comunicou que se estaba a preparar a remisión en tempo e forma da documentación solicitada.

b) En segundo lugar, se nos di de forma xenérica que o requirimento de ampliación de información formulouse a fin de comprobar o cumprimento pola nosa parte "da lexislación estatal prevista na Lei 6/2018 de 3 de xullo de orzamentos xerais do Estado, actualmente prorrogados". Entendemos que se debe referir ao cumprimento da propia Lei 6/2018, de 3 de xullo (porque se ignora a que "lexislación estatal prevista" na dita lei se pode referir), aínda que non se especifique a que norma ou normas concretas desa Lei 6/2018 se poida referir esa comprobación que a Subdelegación desexa facer.

En todo caso, resulta evidente que a contestación dada o 3 de xuño por ese centro directivo en ningún momento da resposta ao solicitado por esta Deputación o 29 de maio.

Neste senso, e sen prexuízo de reiterar a nosa petición, que tendemos axustada a Dereito conforme aos fundamentos xurídicos consignados na mesma (en concreto, conforme ao establecido no artigo 53.1.a) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas), por medio do presente escrito **SOLICITO:**

1º) Que se responda á nosa solicitude, e, para o caso de que se nos denegue o acceso ao expediente solicitado, se nos indique así expresamente.

2º) Que, no caso de que se nos denegue o acceso ao dito expediente, se nos indiquen os recursos ou accións administrativas ou xudiciais que podería exercer esta Deputación ao respecto.

En Ourense, na data de sinatura electrónica deste documento.

O Presidente,

Asdo: José Manuel Baltar Blanco

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 13067432764440130067 en https://sede.depourense.es

ÁMBITO- PREFIJO	CSV	FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO
GEISER	**GEISER-f879-f8bb-eb94-48e2-9ebb-ea23-7add-6dd5**	**09/06/2020 17:45:00 Horario peninsular**
Nº registro	DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN	
O00006301e2001606208	**https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida**	

GEISER-f879-f8bb-eb94-48e2-9ebb-ea23-7add-6dd5